BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DEBUXO DA MANCOMUNIDADE DE ORDES "ESTA SEMANA DEBUXAMOS TODOS/AS"

I. OBXECTO

É obxecto destas bases regular a convocatoria do concurso infantil de debuxo promovido durante o Estado de Alarma por mor do confinamento a causa do Covid-19

II. PARTICIPANTES E CATEGORÍAS

Pode participar neste concurso calquera rapaz e rapaza que o desexe, contando coa autorización paterno, que serán as persoas responsables de enviar os traballos dos/as seus/súas fillos/as.

As categorías serán as seguintes:

-Infantil

-Primaria

-Secundaria

III. PREMIOS

1º PREMIO, 2º PREMIO E 3º PREMIO: Lote de materiais de debuxo de acordo con cada categoría

IV. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

-Para entregar os traballos hai que subir unha foto en formato HORIZONTAL do debuxo no seguinte enlace:

https://drive.google.com/open?id=1SmFaWz20F1cOAAkz5acatdafKk7aF0fA

(Hai que darlle a engadir dende o enlace e xa se sobe a foto).

-Ou ao correo electrónico: info@mancomunidadeordes.gal, engadindo os seguintes datos no texto da mensaxe: Nome, apelidos, idade e categoría do/a participante e facilitando un teléfono e un correo electrónico de contacto, así como osa datos do/a pai/na/titor/a legal (nome, apelidos e DNI)

-Os traballos entregaranse dende o luns 23 de marzo ata o luns 30 de marzo ás 20 h.

V. CARACTERÍSTICAS DOS DEBUXOS

Os debuxos poderán ser realizados en papel ou lenzo, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que sexan orixinais. O tema ou motivo do debuxo estará relacionado co coronavirus e será libre.

Os debuxos deben ser inéditos e orixinais e valorarase especialmente o impacto visual e a creatividade.

Quedarán descualificadas automaticamente aquelas obras nas que aparezan imaxes procedentes de internet, protexidas por dereitos de autor, así como aquelas obras nas que se aprecie o menor indicio de plaxio.

VI. XURADO

Actuará de xurado un grupo de profesionais de diferentes disciplinas (arte, cultura etc) designado para tal efecto pola Mancomunidade de Ordes e as súas decisións serán inapelables.

VII. DEBUXOS GAÑADORES

Por cada unha das tres categorías entregaranse tres premios, que serán dados a coñecer a través das redes sociais e comunicados aos gañadores por teléfono/correo electrónico.

VIII. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios estará condicionada polas actuais circunstancias de illamento e será comunicada no seu momento.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación neste concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

As obras presentadas ao concurso pasarán a ser propiedade da Mancomunidade de Ordes e os/as seus/súas autores/as ceden todos os dereitos sobre o seu uso á Mancomunidade de Ordes, que poderá utilizalos para calquera soporte gráfico, internet etc.

Será responsabilidade dos/as participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría das obras e o seu posible plaxio, eximindo de toda responsabilidade á Mancomunidade de Ordes.

Ordes, a 22 de marzo de 2020

A presidenta,

Susana García Gómez